

**Extractos da Programación do
Departamento de
Bioloxía e Xeoloxía
IES Val do Tea
Curso 2018-2019**

Xefe de Departamento:
Pablo Carballo Felpete

1º CICLO de ESO (1º, 2º e 3º de ESO)

- 1º ESO: Bioloxía e Xeoloxía – LOMCE**
- 2º ESO: Ciencias da Natureza – LOE (so pendentos)**
- 2º ESO: Ámbito de carác. Científico-Matemático -LOMCE**
- 3º ESO: Bioloxía e Xeoloxía – LOMCE**

**Programación de 1º de ESO,
Materia: Bioloxía e Xeoloxía**

A.	Criterios de avaliación e cualificación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A nota das tres avaliacións resultará nun 85 % da media das notas obtidas nas probas escritas ó longo de dita avaliación. Se nalgunha proba a nota é inferior a 4, o alumno suspenderá a avaliación. O 15 % restante resultará da participación durante as clases e a actitude do alumno ante o seguimento na aula da resolución dos exercicios encomendados, busca de información, así como, puntualmente, presentación de pequenos informes (fichas de identificación de cogomelos, etc.). ▪ A 3ª avaliación será o momento de presentar o proxecto de investigación en forma de informes resultantes das experiencias realizadas, o que se valorará cun 10 % da nota final, sumándose á media das tres avaliacións cualificadas do xeito indicado anteriormente a un 90 %. A avaliación ordinaria resultará da media da cualificación obtida nas tres avaliacións. <p>Os alumnos que non acaden o aprobado nunha avaliación, poderán facer un proba escrita de recuperación despois de rematar aquela. As notas desas probas suporán un 100 % da nota desa avaliación. So excepcionalmente por méritos no traballo de clase, se poderá ter en conta o traballo realizado durante a avaliación suspensa.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ A nota da avaliación final ordinaria, será a media das notas obtidas nas tres avaliacións do curso. Para aprobar a materia, deben estar as tres avaliacións aprobadas. Os alumnos que non acaden o aprobado, poderanse presentar a unha proba final, cos contidos de toda a materia. ▪ Avaliación extraordinaria, a nota resultará nun 100% do exame escrito de setembro. 	
B.	Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
<p>Os alumnos de cursos superiores da ESO con Bioloxía e Xeoloxía de 1º de ESO pendente, convocaranse a unha xuntanza no Departamento na data anunciada cunha semana de antelación como mínimo ou recoller do seu profesor/a do Dpto. que imparta do seu nivel, os materiais necesarios para o seguimento do plan de pendentes, a saber:</p> <p>1) Dous caderniños nos que deberán resolver un cuestionario sobre os contidos da materia e entregar en prazo resoltos para a súa valoración cun 10 % da nota. Os caderniños repartirán as cuestións dos diferentes temas cunha extensión que teña en conta o impartido o curso anterior. Este ano, repartirase do seguinte xeito:</p> <p>1ª parte: Temas 1 a 5, sobre os seres vivos ata invertebrados. 2ª parte: Temas 6 a 12, Vertebrados, Universo, Atmosfera, Hidrosfera e Xeosfera.</p> <p>A 1ª parte entrégase resolta en decembro e o exame será en xaneiro. A 2ª parte entrégase resolta en marzo, e o exame será en abril.</p> <p>Non se realizará a segunda proba se non se acada polo menos un 3'5 na cualificación do exame da proba da primeira parte, xa que sen esta nota non se pode realizar media. Neses casos, non será necesario entregar os caderniños resoltos (ver 2).</p>	

2) Proba escrita final en maio, baseada no tipo de cuestións tratadas nos caderniños de actividades para a recuperación de pendentes entregados polo Departamento.

Programación de 2º de ESO, Materia: Ciencias da Natureza (LOE)

A. Criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e cualificación

O 10 % da nota final resultará da cumplimentación dos dous caderniños entregados, e o 90% restante resultará da media aritmética dos exames escritos da primeira e segunda parte da asignatura, sempre que a nota do primeiro exame fose superior a 3'5 sobre 10. En caso contrario, non se terá dereito a realizar a segunda parte, pasando directamente a realizar o exame global en maio.

En caso de presentarse ao exame final íntegro, en maio a nota do exame será o 100 % da cualificación. Soamente se supera a nota de catro no global e os caderniños foran xa recibiran unha cualificación favorable no prazo de entrega, aplicarase o 10 % da nota e o 90 % do exame. En caso contrario, non se admitirán caderniños fóra do prazo indicado e a nota será soamente resultante do exame.

B.1. Criterios de cualificación e plan de pendentos

Os alumnos de cursos superiores da ESO con Bioloxía e Xeoloxía de 1º de ESO pendente, deberán presentarse no Departamento na data anunciada cunha semana de antelación como mínimo e alí recoller os materiais necesarios para o seguemento de plan de pendentos, que serán:

1) Dous caderniños nos que deberán resolver un cuestionario sobre os contidos da materia e entregar en prazo resoltos para a súa valoración cun 10 % da nota. Os caderniños repartirán as cuestións dos diferentes temas cunha extensión que teña en conta o impartido o curso anterior. Este ano, repartirase do seguinte xeito:

1ª parte: Temas 1 a 4, sobre a Física.

2ª parte: Temas 5 a 12, sobre a Bioloxía e Xeoloxía. (ver temporalización)

A 1ª parte entrégase resolta en decembro e o exame será en xaneiro.

A 2ª parte entrégase resolta en marzo, e o exame será en abril.

2) Proba escrita final en maio, baseada no tipo de cuestións tratadas nos caderniños de actividades para a recuperación de pendentos entregados polo Departamento de Bioloxía nas reunións convocadas.

B.2. Medidas de atención á diversidade

Nos casos nos que a materia pendente afecte a alumnos con algún tipo de medida de adaptación, despois de examinado o caso polo departamento de orientación, procederase a aplicar o decidido individualmente.

Se o alumno coa materia pendente segue un Programa de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento, o profesor do Ámbito poderase encargar de preparar con el a materia pendente e incluso poderá examinar el mesmo tendo en conta o plan de pendentos do departamento, pero adecuándose ao seu ritmo e informando ao Departamento do resultado.

Programación de 2º de ESO, Programa para a Mellora da Aprendizaxe e Rendemento - 1º

Materia: **Ámbito de carácter científico-matemático**

A.-	Criterios de avaliación e cualificación:
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A nota de cada avaliación resultará de facer a media das notas obtidas nas dúas partes da materia (Matemáticas e Bio-Xeo-F-Q). Non se fará media con notas inferiores a 4. <ul style="list-style-type: none"> ▪ A nota de cada parte obterase nun 85% das probas escritas e o 15% restante dos traballos e exercicios propostos que se reflectirán na libreta do alumno. ▪ Os alumnos que non acaden o aprobado na avaliación poderán facer un exame de recuperación desta. ▪ A nota da avaliación ordinaria obterase da media das tres avaliacións. <ul style="list-style-type: none"> ▪ Os alumnos que non acaden o aprobado, poderán facer unha recuperación final das partes suspensas. ▪ Avaliación extraordinaria: o procedemento de avaliación será unha proba escrita por cada parte (Matemáticas e Física e Química) con características semellantes ao exame presentado durante o curso, cunha menor extensión e sobre os estándares de aprendizaxe indicados.
B.-	Procedementos, instrumentos e temporalización da avaliación de materias pendentes:
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Os alumnos, que cursando 1º de PMAR (2º ESO) teñan algunha materia pendente da ESO, se esta materia é Matemáticas ou Bioloxía e Xeoloxía, serán avaliadas polo profesor do ámbito, que poderá realizar probas adaptadas ao ritmo de aprendizaxe do grupo, e informará aos departamentos do resultado desa avaliación. En canto a Bioloxía e Xeoloxía, recoméndanse os mesmos caderniños de exercicios que os alumnos coa materia pendente de 1º de ESO. ▪ Se esta materia queda pendente, dividiríase a materia en polo menos dúas partes para facilitar que o alumno a prepare durante o curso, e o seguimento realizaríase polo profesor de ámbito. Neste momento non hai alumnos con esta materia pendente. ▪

Programación de 3º de ESO, Materia: Bioloxía e Xeoloxía

A.	Criterios de avaliación e cualificación
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A nota final de cada unha das avaliacións ponderarase un 85 % da media aritmética das notas obtidas nas probas escritas ao longo de dita avaliación e dun 15 % das notas do traballo diario durante esa avaliación, incluíndo a valoración do caderno de clase, exercicios resoltos e o grao de participación na clase anotado na ficha de cada alumno por cada profesor. A nota mínima necesaria para facer media entre exames e co traballo de clase será dun catro (4). <ul style="list-style-type: none"> •Se nalgunha proba a nota é inferior a 4, o alumno suspenderá a avaliación coa nota que resulte da valoración arriba exposta, e se esta fose igual a 5 ou superior, a nota numérica sería un 4 por non ter superado o 4 nalgunha das probas escritas. O profesor poderá decidir se excepcionalmente ofrece a repetición dalgunha proba a toda a clase debido tanto a uns resultados pouco satisfactorios como pola incorrecta observación das normas na realización do exame por varios alumnos. O número mínimo de probas escritas a valorar será de dúas, avisadas con antelación mínima de cinco días. •Posteriormente a cada avaliación e ao final de curso, realizarase unha proba de recuperación para aqueles alumnos que teñan algunha avaliación suspensa. A 1ª e 2ª avaliacións recuperaranse as semanas iniciais da 2ª e 3ª avaliacións, respectivamente. A 3ª avaliación poderase recuperar mediante un exame coincidindo cos exames finais. Os exames finais de xuño ofreceranse a aqueles alumnos que nese momento teñan 2 ou máis avaliacións suspensas. En caso de ter unha soa suspensa, poderá repetir a recuperación desa avaliación suspensa en vez do exame de xuño. No caso de recuperación ou exame final, o 100 % da nota resultará do exame. •A nota da avaliación final ordinaria será a media aritmética das notas obtidas nas tres avaliacións do curso, corrixindo as suspensas co resultado das recuperacións. Para aprobar a materia, a nota media das tres avaliacións deberá ser de cinco puntos ou superior. Para chegar a aprobar o curso, poderase realizar media cunha soa avaliación suspensa cunha nota superior a un 4. No exame final de xuño, a nota desa proba escrita deberá ser superior a 5. •Avaliación extraordinaria, a nota resultará nun 100% do exame escrito de setembro.
B.	Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes
	<p>Para os alumnos coas materias de Ciencias da Natureza e Bioloxía e Xeoloxía da ESO pendentes, o Departamento decidiu establecer as seguintes medidas para o seguimento e superación das mesmas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Proba escrita final en maio, axustada aos mínimos da materia. ▪ Poderase tamén aprobar a materia realizando dúas probas escritas, unha en xaneiro e outra en abril. Estas probas conterán preguntas elixidas duns caderniños con cuestionarios que previamente recibirán os alumnos nunha reunión en outono, que deben contestar e entregar obrigatoriamente, xa que a súa correcta resolucións será unha porcentaxe da nota. Os membros do departamento estarán a disposición dos alumnos para responderlles as posibles dúbidas. <p>A nota resultará nun 90% da media das probas escritas e un 10% corresponderalle aos caderniños de exercicios entregados.</p> <p>Os alumnos que non aprobaran por esta vía, poderán presentarse á proba final en</p>

maio.

2º CICLO de ESO (4º de ESO):

- 4º de ESO: Biología e Xeoloxía

- 4º de ESO: Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional

Programación de 4º de ESO,

Materia: Bioloxía e Xeoloxía

A.	Criterios de avaliación e cualificación
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ O 90 % da nota de cada unha das avaliacións resultará da media das notas obtidas nas probas escritas ao longo de dita avaliación. Se nalgunha proba a nota é inferior a 4, o alumno suspenderá a avaliación cun 4 ou unha nota inferior que resultará da media das diferentes notas, pois as notas inferiores a 4 puntos non se considerarán para facer media para aprobado. O profesor poderá decidir se ofrece a repetición dalgunha proba a toda a clase debido tanto a uns resultados pouco satisfactorios como pola incorrecta observación das normas de realización do exame. ▪ Posteriormente a cada avaliación e ao final de curso, poderá realizar algunha proba que lle permita superar as avaliacións suspensas ou todo o curso. ▪ O resto da nota (10 %) resultará da media ponderada das notas de participación durante as clases e a actitude do alumno ante o seguimento na aula da resolución dos exercicios encomendados, búsqueda de información, presentación de traballos e informes. <ul style="list-style-type: none"> ▪ A nota da avaliación final ordinaria, será a media das notas obtidas nas tres avaliacións do curso. Para aprobar a materia, deben estar as tres avaliacións aprobadas. Os alumnos que non acaden o aprobado, poderanse presentar a unha proba final, cos contidos de toda a materia. ▪ Avaliación extraordinaria, a nota resultará nun 100% do exame escrito de setembro.
B.	Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes
<p>Esta materia non pode quedar pendente para Bacharelato.</p> <p>Para consultar o procedemento de avaliación das materias de 1º, 2º e 3º de ESO, tanto Bioloxía e Xeoloxía como a materia de Ciencias da Natureza (LOE) en extinción, consúltese os capítulos desta programación dedicados a ditas asignaturas.</p>	

Programación de 4º de ESO,

Materia: Ciencias aplicadas á actividade profesional

A.	Criterios de avaliación e cualificación:
<ul style="list-style-type: none">▪ O 50 % da nota de cada unha das avaliacións resultará da media das notas obtidas nas probas escritas ao longo de dita avaliación, no caso de realizarse máis de unha. A profesora poderá decidir se ofrece a repetición dalgunha proba a toda a clase debido tanto a uns resultados pouco satisfactorios como pola incorrecta observación das normas de realización do exame.▪ Posteriormente a cada avaliación e ao final de curso, poderá realizar algunha proba que lle permita superar as avaliacións suspensas ou todo o curso.▪ O resto da nota (50 %) resultará da media ponderada das notas de participación durante traballo na aula e no laboratorio ante o seguimento na aula da resolución dos exercicios encomendados, busca de información, e sobre todo, da presentación de traballos, informes de prácticas e do proxecto de investigación.<ul style="list-style-type: none">▪ A nota da avaliación final ordinaria, será a media das notas obtidas nas tres avaliacións do curso. O alumnado que non acade os mínimos esixibles, podera presentarse a unha proba final, cos contidos de toda a materia.▪ Avaliación extraordinaria, a nota resultará nun 100% do exame escrito de setembro.	
B.	Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación de materias pendentes:
<p>Esta materia non pode quedar pendente para Bacharelato.</p> <p>Para consultar o procedemento de avaliación das materias de 1º, 2º e 3º de ESO, tanto Bioloxía e Xeoloxía como a materia de Ciencias da Natureza (LOE) en extinción, consúltese os capítulos desta programación dedicados a ditas asignaturas.</p>	

Bacharelato (1º e 2º Bach.)

- 1º Bach: Biología e Xeoloxía

- 1º Bach: Cultura Científica

- 2º Bach: Biología

Programación de 1º de Bacharelato,

Materia: Bioloxía e Xeoloxía

A.	Criterios de avaliación e cualificación:					
▪	<p>A nota de cada unha das avaliacións resultará nun 90 % da media das notas obtidas nas probas escritas ó longo de dita avaliación. Se nalgunha proba a nota é inferior a 4, o alumno suspenderá a avaliación. O 10% restante resultará da participación durante as clases e a actitude do alumno ante o seguimento na aula da resolución dos exercicios encomendados, búsqueda de información, presentación de traballos e informes.</p> <p>Os alumnos que non acaden o aprobado na avaliación, poderán facer un exame de recuperación.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ A nota da avaliación final ordinaria, será a media das notas obtidas nas tres avaliacións do curso. Para aprobar a materia, deben estar as tres avaliacións aprobadas. Os alumnos que non acaden o aprobado, poderanse presentar a unha proba final, cos contidos de toda a materia. ▪ Avaliación extraordinaria, a nota resultará nun 100% do exame escrito de setembro. 					
B.	Procedementos, instrumentos e temporalización da avaliación de materias pendentes:					
<p>A materia de pendentes divídese en dúas partes para examinarse durante o curso en xaneiro da 1ª parte, e, de superar o 3'5, en marzo da 2ª. Se a media non fose suficiente, terá a oportunidade de presentarse á avaliación final de abril.</p>						
1ª Parte:	<table border="1"> <tr><td>Bloque 1. Os seres vivos: composición e función</td></tr> <tr><td>Bloque 2. A organización celular</td></tr> <tr><td>Bloque 3. Histoloxía</td></tr> <tr><td>Bloque 4. A biodiversidade</td></tr> <tr><td>Bloque 5. As plantas: funcións e adaptacións ao medio</td></tr> </table>	Bloque 1. Os seres vivos: composición e función	Bloque 2. A organización celular	Bloque 3. Histoloxía	Bloque 4. A biodiversidade	Bloque 5. As plantas: funcións e adaptacións ao medio
Bloque 1. Os seres vivos: composición e función						
Bloque 2. A organización celular						
Bloque 3. Histoloxía						
Bloque 4. A biodiversidade						
Bloque 5. As plantas: funcións e adaptacións ao medio						
2ª Parte:	<table border="1"> <tr><td>Bloque 6. Os animais: Funcións e adaptacións ao medio</td></tr> <tr><td>Bloque 7. Estrutura e composición da Terra</td></tr> <tr><td>Bloque 8. Os procesos xeolóxicos e petroxenéticos</td></tr> <tr><td>Bloque 9. Historia da Terra</td></tr> </table>	Bloque 6. Os animais: Funcións e adaptacións ao medio	Bloque 7. Estrutura e composición da Terra	Bloque 8. Os procesos xeolóxicos e petroxenéticos	Bloque 9. Historia da Terra	
Bloque 6. Os animais: Funcións e adaptacións ao medio						
Bloque 7. Estrutura e composición da Terra						
Bloque 8. Os procesos xeolóxicos e petroxenéticos						
Bloque 9. Historia da Terra						
C.	Organización dos procedementos que lle permitan ao alumno acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias					
<p>Esta materia poderá ser obxecto de exame durante o curso para acreditar os coñecementos necesarios para cursar Bioloxía ou Xeoloxía de 2º de Bacharelato. Para isto, o alumno afectado (por cambio de modalidade, por exemplo), seguirá un procedemento idéntico ao disposto para cursar esta materia como pendente no apartado anterior, con dúas probas que dividen a materia á metade, e de non chegar ao 3'5 na primeira, faría directamente unha proba global de todo o temario en abril.</p>						

**Programación de 1º de Bacharelato,
Materia: Cultura Científica**

A.	Criterios de avaliación e cualificación
<p>▪ A nota de cada unha das avaliacións resultará nun 70 % da media das notas obtidas nas probas escritas ó longo de dita avaliación. Se nalgunha proba a nota é inferior a 4, o alumno suspenderá a avaliación. O 30% restante resultará da participación durante as clases e a actitude do alumno ante o seguimento na aula da resolución dos exercicios encomendados, búsqueda de información, presentación de traballos e informes.</p> <p>Os alumnos que non acaden o aprobado na avaliación, poderán facer un exame de recuperación.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ A nota da avaliación final ordinaria, será a media das notas obtidas nas tres avaliacións do curso. Para aprobar a materia, deben estar as tres avaliacións aprobadas. Os alumnos que non acaden o aprobado, poderanse presentar a unha proba final, cos contidos de toda a materia. ▪ Avaliación extraordinaria, a nota resultará nun 100% do exame escrito de setembro. 	
B.	Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes
<p>A materia de pendentes divídese en dúas partes para examinarse durante o curso en xaneiro da 1ª parte, e, de superar o 3'5, en marzo da 2ª. Se a media non fose suficiente, terá a oportunidade de presentarse á avaliación final de abril.</p>	
1ª Parte:	<p>Bloque 1.- Procedementos de traballo: O método científico e a ciencia e a sociedade.</p> <p>Bloque 2.- A Terra e a vida: 2.1. O Planeta Terra, a Teoría da Tectónica de Placas 2.2. A Orixe da vida e Evolución.</p>
2ª Parte:	<p>Bloque 3. Avances en biomedicina.</p> <p>Bloque 4. A revolución xenética.</p> <p>Bloque 5. Tecnoloxías da información e comunicación.</p>

Programación de 2º de Bacharelato,

Materia: Biología

A.	Criterios de avaliación e cualificación:
▪	<p>A nota de cada unha das avaliacións resultará como mínimo dun 90 % da media das notas obtidas nas probas escritas ó longo de dita avaliación. Se nalgunha proba a nota é inferior a 3'5, o alumno suspenderá a avaliación. O 10% restante resultará da participación durante as clases, en especial terase en conta un informe sobre as clases prácticas ou de laboratorio, de poderse realizar. Se este caderno non puidese ser presentado nalgunha avaliación ou as notas das clases se estimasen insuficientes, a cualificación poderase basear nunha porcentaxe maior, incluso deica o 100 %, nas medias obtidas nas cualificacións dos exames. O mesmo será aplicable en caso de recuperación da avaliación, onde o 100 % da cualificación será a proba escrita.</p> <p>Os alumnos que non acaden o aprobado na avaliación, poderán facer un exame de recuperación.</p> <ul style="list-style-type: none">▪ A nota da avaliación final ordinaria, será a media das notas obtidas nas tres avaliacións do curso. Para aprobar a materia, deben estar as tres avaliacións aprobadas. Os alumnos que non acaden o aprobado, poderanse presentar a unha proba final, cos contidos de toda a materia.▪ Avaiación extraordinaria, a nota resultará nun 100% do exame escrito de setembro.
B.	Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes
	<p>Esta asignatura non se avalía nunca como pendente, soamente se dá o caso de que repitan a asignatura. Será necesario aprobar a asignatura de 1º Bacharelato, Biología e Xeoloxía, para poder aprobar esta. No caso de aprobarse esta, e non sacarse a pendente de 1º de Bacharelato, esta quedará avaliada con nota de 4 no boletín, que se modificará cara á nota aprobada acadada durante o curso no caso de que ese mesmo curso se aprrobe a de 1º de Bacharelato (asignatura chave por considerarse que ten unha importante carga de contidos progresivos compartidos coa presente asignatura).</p>